

Edita: Club Montañeiros Celtas.
 Dirección: Xulio Troitiño Dapena
 Coordinación: Xulio Troitiño Dapena - Deseño e maquetación: Enrique Soto
 Traducción: Xulio Troitiño - Normalización lingüística: Enrique González Cameselle
 Colaboran neste número: Conchi Gilino, Augusto Vila, Maruxa Pérez, Carol, Xosé A. Portela, Celia Martínez,
 Conchi Barciela. e as seccións deportivas do club.
 Club Montañeiros Celtas non comparte, necesariamente, as opinións dos seus colaboradores.
 Imprime: Garpe. Depósito Legal: VG:40-1998. Impreso en papel reciclado.

Subvencionado pola
 Presidencia da Xunta
 de Galicia.
 Secretaría Xeral de
 Política Lingüística.



XUNTA DE GALICIA
 PRESIDENCIA
 Secretaría Xeral de Política Lingüística



Colabora
 Concello de Vigo
 - Área de
 Participación
 Cidadá

VINDEIRAS ACTIVIDADES

MES	DÍA	LUGAR	ACTIVIDADE	ORGANIZA
XULLO	5	Praia de barra	Buceo con tubo	S.D. Subacuáticas
	5-6	Asturias	Fontes do Inverno - Aller	S.D. Montaña
	5-6	Ons	Campamento de Verán	S.D. Infantil
	5-6	Galiñeiro-Budiño	Curso de escalada en terreo desequipado	FGM-EGAM
	6	Melón (Ourense)	Xornadas iniciación Descenso de Canóns	S.D. Espeleoloxía
	12-13	Rianxo	Campamento de Verán	S. Actividades Sociais e S.D. Subacuáticas
	12-13		Curso de descenso de barrancos	FGM-EGAM
	12-13	Budiño	Curso de escalada en fendas	FGM-EGAM
	13	Pontevedra	Cerdedo	S.D. Sendeirismo
	19-20	Tui-Santiago	Bici de montaña polo camiño de Santiago (tramo Tui - Santiago)	S.D. Bici de Montaña
26	Illa de Ons	Inmersión submarina	S.D. Subacuáticas	
25-27	Asturias	Parque Natural de Redes	S.D. Montaña	
AGOSTO	1-10	Lleida	Pirineos - Valle del Boi	S.D. Montaña
	4-10	Cantabria	Campaña Hornijo 2008	S.D. Espeleoloxía
	4-10	Andorra	Campamento anual da Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada	FEDME
SETEMBRO	12	Ría de Vigo	Inmersión submarina nocturna	S.D. Subacuáticas
	13-14		Curso de escalada artificial	FGM-EGAM
	14	Valença	Saída de bici de montaña pola ecovia Valença-Monçao	S.D. bici de montaña-S.D. infantil
	14		XX Marcha Galega de Montañeiros Veteranos	FGM-C.M. Ribeira Sacra
	14	Illas Cies	Inmersión submarina	S.D. Subacuáticas

CLUB MONTAÑEIRO CELTAS

- ♦ Avda. Camelias 78, Oficina K. 36211 - Vigo
- ♦ Apartado de Correos 1836. 36200 - Vigo
- ♦ Teléfono: 986 438 505 - Fax: 986 912 220
- ♦ Internet: www.celtas.net
- ♦ Correo electrónico: info@celtas.net
- ♦ Horario: 19.00 h - 21.30 h, de martes a venres



CLUB MONTAÑEIRO CELTAS

Nº 93

XULLO - AGOSTO 2008

Editado 23/06/08

PIRINEOS 2008 VALL DE BOI

Chegou o verán e con el a chamada dos Pirineos. Este ano cos espectaculares Besiberris.
 Saída: 1 de Agosto ás 23.00 h. Regreso: 9 de Agosto ás 09.00 h.

Aloxamento: Cámping Taull (Lleida). O cámping esta situado a poucos quilómetros do Parque Nacional de Aigüestortes e lago de San Mauricio.
 Prezo: Adulto: 5,50 €, Tenda: 5,50 €, Bungalow para 6 persoas: 135 € prezo/día (Reservar antes do 1 de xullo). Prezo bus: 113 €

PROGRAMA PREVISTO

Domingo 3

Montaña: Travesía Hospital De Viella E Pic Mulleres. O Mulleres é o 3000 máis oriental do macizo da Maladeta, ao que se une a través do pico e cristas de Palenques, separa as cabeceiras dos ríos Esera, cara a Aragón e Noguera Ribagorzana cara a Cataluña.
 Sendeiro: Paseo polo Románico de Montaña. En Boi e Erill la Vall visita obrigada ao románico de montaña

Luns 4

Montaña: Besiberri Norte (3014). O macizo de Besiberris, con tres cumios que superan os 3000 m., forma a divisoria de augas entre o Noguera Ribagorzana e o seu afluente Noguera de Tor. O Besiberri é o cumio máis alto do Val de Arán.
 Sendeiro Gr 11.20 A Pont De Suert. GR-11.20 dende o cámping (1400) - Boi (1280) Durro (1380)- Collada D 'Amunt (1970) - Collada Tossal Roi (1100) - Pont de Suert (850)

Martes 5

Montaña: Travesía Val De Arán e Punta Alta (3014). Ascensión a Punta Alta polo Estany Negre, dominado polas Agullas de Travesany, é esta unha marabillosa ruta de alta montaña.
 Sendeiro Polo Val De Aran. Parking

Aparcadero de Cavallers (1700) - Refuxio Ventosa Calvell (2160) - Estany de Les Monges (2420) GR -11.18 - Port da Cristada (2472) Restanca (2000) - Arties (1150)

Mércores 6

Montaña: Comaloforno (3033). Espectacular ascensión. Comaloforno é o cumio culminante do macizo Sendeiro Circular Dos Estanys. Caldas de Boi (1450) - Estany Gemena de Dalt (2250) - Estany Gelats (2500) - Volta a Estany Gemena - Outeiro de Estany Roi (2512) - Estany Roi (2300) - Caldas de Boi

Xoves 7

Montaña: Aigüestortes E Pa De Serrader (2982). Parque Nacional de Aigüestortes polo seu extremo máis occidental. Dende o cumio do Serrader a vista é amplísima sobre todos os cumios que ascendemos os días anteriores así como sobre o parque.
 Sendeiro Circular. Cámping (1400) - Taull - Senda do barranco de Remediano Cota (1700) - Cap de Les Creuetes (1900) - Tuc de Comamarxa (2557) Cap de Les Cometes (2680) Barranco e fonte de Muntanyo (2400) Estany Llebrete (1660) Pont de Boi - Cámping.

Venres 8

Montaña: Montsent De Pallars (2884). O Montsent está formado por dous cumios separados por uns 200 m. A cota S. é vértice e alí nace o río Flamicell que forma o Vall Fosca.
 Sendeiro Gr -11-20 A Estany Gento. GR -11-20 dende o cámping (1400) - Port de Rus (2627) Desvío a Capdella (1950) - Coll de Font Sobirana (2425) Estany Gento (2100) Parking (1750)

Sábado 9

09.00 h regreso a Vigo.

Neste número:

Pirineos 2008	1
Novas	2
Bici de Montaña	2
Sendeirismo	3
Montañismo	4
Operación Benxamín	5
Actividades Subacuáticas	6
EspeleoSección	7
Vindeiras Actividades	8

BOA ESTANZA MONTAÑEIRA

NOVAS

MERCADIÑO DO MATERIAL DE MONTAÑA USADO

¿Tedes material de montaña, escalada, espeleo, mergullo ou esquí que xa non utilizades?


¿Non sabedes que facer con el?

O club pon á disposición dos seus socios as súas instalacións, para que poidades facer os trocos ou vendas dese material que xa non precisades.

A CITA SERÁ O VENRES 11 DE XULLO ÁS 20.30 HORAS

LUGAR- O LOCAL SOCIAL

¡¡¡ESPERÁMOSVOS!!!



VACACIÓNS

As oficinas do club permanecerán pechadas durante todo o mes de agosto, abrindo de novo as súas portas o martes 2 de setembro

Sendeirismo en Baiona

A Sección de Sendeirismo non colle vacacións de verán e, un ano máis, vai colaborar co concello de Baiona en catro saídas guiadas. As datas son: 13 de xullo e 10 de agosto (sendeiro dos petróglifos) e 27 de xullo e 31 de agosto (Cabo Silleiro). Sairemos ás 10 da mañá da oficina de turismo, onde podedes chamar para máis información ou para apuntarvos (tel. 986 38 50 50 - ext. 252)

CURSO DE FOTOGRAFÍA ARTÍSTICA PARA CÁMARAS DIXITAISE ANALÓXICAS

DURACIÓN: 15 clases de 1,5 h (22,5 h.), do 10 de setembro ao 17 de decembro, todos os mércores en horario de 20:00 a 21:30 horas

MONITOR: Martín García, fotógrafo de ampla experiencia en cursos e autor de numerosas exposicións.

CONTIDO:

As bases da fotografía; manexo da cámara; elaboración da imaxe; elección da película ou sensibilidade da cámara dixital; luz e elaboración da imaxe; fotos con trípode; o flash; elección do formato; programas de retoque fotográfico.

PREZO: 20€



CAMPAMENTO DE VERÁN-RIANXO

12-13 xullo 2208

Un ano máis o campamento de verán que todos e todas esperabades con impaciencia!

Este ano repetimos como o ano pasado e achegarémonos ata o "cámping Rianxo", que está situado a carón da praia de Tronco, onde faremos a sardiñada correspondente e desde onde, o domingo pola mañá, comezaremos a saída de kaiak de mar, dando unha voltiña pola Ría de Arousa, con visita incluída ata a Illa de Cortegada.

Contamos contigo!

BICI DE MONTAÑA

SAÍDA DE BICI DE MONTAÑA POLO SENDEIRO DA TRAÍDA DE AUGA (INICIACIÓN) 6 abril 2008

Tratábase dunha saída cun percorrido fácil, apto para case todos, que tiña como intención animar a que se apuntara xente nova e que quixese coñecer como é isto de darlle ao pedal por camiños de monte. Pero ao final non houbo moita sorte e, malia o bo día que fixo, só se anotou unha rapaza nova que tiña moitas gañas de facer bicicleta. O resto, 6 "bicicleteiros" máis, eramos todos coñecidos e máis ou menos habituais das saídas de dúas rodas do club.

Atopámonos case todos na entrada do cemiterio de Teis a iso das 10 da mañá. E digo case todos, pois nada máis comezar a darlle aos pedais atopámonos con Maxi, que parecía que nos estivese esperando á saída dunha curva. O percorrido foi curto e cómodo, pois o sendeiro que discorre a carón das tubarías de auga que veñen do encoro de Eiras ten un trazado chá e está en bastante bo estado de conservación. Agás por un pequeno

tramo que se atopa chegando a Cedeira (Redondela), onde fixeron unha corta de madeira e deixaron os restos das polas tirados polo chan, o que nos fixo coller un desvío para subir ata unha estrada, pola que descendemos un pouco e

volvemos coller a continuación do sendeiro.

E deste xeito chegamos ata Negros, en Redondela, onde aproveitamos para coller unhas laranxas que xenerosamente nos ofrecía un laranxeiro apostado a carón do sendeiro e que está xunto a unha fonte. Que ricas estaban! Alí o grupo decidiu escindir-se, pois tres dos compoñentes tiñan que volver para Vigo e xa se lles facía tarde. Os outros catro decidimos continuar o percorrido cara o Alto dos Valos, para cruzar a estrada que une Redondela co Porriño, e proseguir por Santo Paio de Arriba (Redondela) ata dar coa estrada de Redondela-Pazos de Borbén, pola que descendemos para rematar a saída no centro de Redondela.

Xulio Troitiño

Vindeiras actividades:

CAMIÑO DE SANTIAGO: TUI-SANTIAGO

O vindeiro fin de semana do 19 e 20 de xullo toca o camiño de Santiago en bicicleta de montaña! O sábado faremos a etapa dende Tui ata Caldas de Reis e o domingo o resto ata chegar a Santiago de Compostela.

Esperamos que sexa unha aventura divertida!

ESPELEOSECCIÓN

TRAVESÍAS EN COVAS EN CANTABRIA

1-4 maio 2008

Aproveitando a ponte de maio, decidimos visitar as terras cántabras para facer algunha travesía polas súas covas. En principio, íamos ir un montón de xente e ao final, só fomos uns poucos pois os máis mozos descolgáronse por diversas razóns pouco convincentes, eh?

Ben, pois alá fomos Oscar Q., Daniel B., Eugenia C., Fátima F., e Carolina R. Fixemos noite o mércores en Oviedo e xa chegamos a Ramales antes de comer. Alí uniuse Gelo á nosa "expedición".

Aproveitamos a tarde para ir á cova de Coventosa, xa visitada por algúns noutras ocasións, pero desta vez fomos a un sector que non sabiamos del e a verdade é que mereceu a pena. Galerías amplas e

cheas de formacións que fixeron as delicias dos nosos ollos e as nosas cámaras.

Ao día seguinte decidimos facer a travesía de Tonio-Cañuela. Uníronse a nós, Cristobal e Turri e alá fomos á boca, á cal, agora, accédese máis doadamente, sen tanta subida empinada. Entramos case ás 14h e en algo máis de 5 horas xa estabamos fóra. A travesía realízase descendendo varios pozos, algún estreito, e chegando ás galerías horizontais onde as formacións aparecen en formas curiosas



e numerosas.

O sábado os ánimos e as forzas estaban algo gastadas e decidimos facer unha visita á costa, a Santoña, onde demos unha volta ao monte do Buciero. Escollemos o día, pois fixo calor en demasía e o sol pegaba dabondo cando baixamos a un dos faros (máis de 600 chanzos...de baixada e outros tantos de subida!). O domingo xa foi día de recollida e volta para casa, agradecéndolle aos nosos amigos do AER a súa compañía e a Belén e a Rosa o aloxamento.

TRAVESÍA EN COVAS DE VALPORQUERO

31 maio-1 xuño 2008

Dende Semana Santa tiñamos pendente cos amigos do club de espeleo Burnia de Galdames-Bizkaia a travesía de Valporquero que eles non coñecían. Ao final xuntámonos 14 persoas, toda unha procesión... Do GES M Celtas fomos Óscar Q., Fátima F., Juanjo V., Paula B., e Carolina R. Fixemos a travesía o sábado cos ollos postos no ceo antes de entrar pois ameazaba choiva e o río Torío xa ía ben cargado. Entramos polo Sil de Perlas e saímos pola Covona, aproveitando algúns para remontar polo río e visitar tamén a

parte turística. Fíxose un pouco longa e a auga estaba ben fría pero gozamos igualmente.

Á saída cruzamos o río por un cable de aceiro que puxeron para cando vai moi crecido e cambiámonos sen choiva. Cea no cámping e ao saco a durmir. O domingo, erguémonos con calma e recollemos todo. Demos unha volta polo val do Curueño para ensinarllelo aos vascos, paramos a comer e tomar un café para despedirnos e volta á casa con todo mollado da cova.

mus
aventura

Pontevedra

OPERACIÓN BENXAMÍN 2008

coas súas ferverzas, que nos premiou a visita vestíndose de mil cores. Para entón, eu xa me rendera ía tempo como reporteiro gráfico, así, que xenerosamente, os rapaces encargáronse de facer todas as fotos deste mundo. Ao chegar á Lagoa de Lucenza, ademais obsequiáronnos, rapaces e monitores, cunha exhibición circense de pinchacarneiros, que a algún/ha nos tiña mortos de envexa. Do resto da fin de semana, pensando positivamente, aprendemos de convivencia. Pero moito! Porque non nos deixou de chover dende o sábado a última hora ata a hora de volver á casa o domingo. Todos metidiños no albergue. Malabares, teatro, concurso de cociña e sobre todo, moitas risas....¡Segunda proba superada sen ningunha baixa! Quedaba o último reto, levalos ás covas e ao mar. O que chovía cando collíamos o barco rumbo a Cangas, non ten nome. Aínda así, púidose realizar a ruta a pé ata o cámping de Limens, onde chegaron máis chafados que mollados, cando lles dixemos que non era posible realizar a saída en piragua. Pero os deuses ás veces son xenerosos, así que pola tarde déronos o respiro suficiente como para poder facer a furna que tiñamos previsto, con baño incluído de case todo o equipo. Que o domingo, xa se vería! E viuse, viuse tan ben, que o domingo ás 10 h estabamos todos na

praia montando nas piraguas despois dunha clase expresa de remo. Quedaba recoller as tendas e volver á casa. Algúns cos amigos de sempre, outros con novos amigos, e moitos pensando na próxima actividade. Espero que para o campamento de verán en Ons, o ambiente sexa tan xeneroso e cordial como o que compartimos nesta experiencia tan especial. Bicos a to@s os montañeiriños! (Ah! E aos monitores, super heroes do século XXI)

Vindeiras actividades:

Campamento Infantil De Verán 5-6 xullo

O campamento infantil de Verán deste ano será nas Illas Ons, os vindeiros días 5 e 6 de xullo. Sairemos en autobús o sábado pola mañá cedo para poder collermos o barco de Ons, en Bueu, ás 10:00 h e chegaremos á illa ás 10:20 h, onde desenvolveremos as actividades e faremos acampada. A volta será o domingo no barco das 18:30 h, para chegarmos a Bueu ás 18:50 h e collermos o autobús de volta a Vigo.

O prezo do barco é de 6€ por neno/a, a acampada é gratuíta e o prezo do autobús aínda está por determinar. Máis información no club.

ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS

Inmersión Illas Cíes 12/04/08

Levaba dende setembro sen facer unha inmersión, xa sabedes, o próximo sábado non podo, en xaneiro vai frío, en febreiro tamén, que si estou resfriada, que se non me apetece...., ¡escusas e máis escusas!. Foron os e-mail de Oscar os que me animaron a ir a inmersión de Cíes, así que, apunteime, xa non había marcha atrás.

Chegou o día, amenceu co ceo gris e ameazando choiva, con este marco climatolóxico non apetece moito saír, pero que diantres, diso se trata, de mollarse, non?. Cando cheguei a CieSub animoume o ver caras coñecidas como as de Oscar, Suso, Diego e Silvia, e outras non tan coñecidas para min coma as de Antón, Pablo, Tony, Kiko, Paulino, Susi e Mario. Unha vez equipados e vestidos coas nosas galas en neopreno saímos cara ás Cíes na zódiac de Paulino. A viaxe foi increíble, divertida, moi divertida, chovía pero xa nada importaba. Pablo, mentres, ultimaba a súa cámara de vídeo, non sen algunha dificultade polos saltos da zódiac coas ondas. ¡Ei! a estribor está o barco de Ramón co seu grupo de mergulladores, veña todos a saudalo.

Xa nas Cíes, e tras facer os trámites pertinentes coas autoridades, chegamos ao punto da inmersión, na illa sur ou de San Martiño. A zona parecía unha piscina, tal e como nos adiantara Oscar. Entramos na auga a iso das 11:40 h, alcanzamos unha profundidade de 9,7m, cunha temperatura da auga de 13° e unha visibilidade inmejorable. Puiden comprobar que o fondo mariño das Cíes é todo un espectáculo, un paraíso. Indo cara ao norte, fomos vendo cantidade de fauna destacando os polbos que intentaban pasar desapercibidos, peixes que aínda non recoñezo moi ben, ata unha morena que viron Susi e Mario.

O entorno era fantástico, e cando o sol deixaba escapar algunha raiola, esta iluminaba o fondo destacando aínda máis as cores das anémonas. Mentres Pablo, o noso reporteiro gráfico, gravaba a inmersión en vídeo, proba gráfica que ilustra moito mellor todo o que estou contando.

Pero o tempo pasou rapidísimo, 62 minutos, cando me din conta xa tiñamos que emerxer. Esperamos para reunir a todos os do noso grupo: Silvia, Diego, Óscar, servidora ¿pero onde se meteu Pablo? Vaia, quedou un pouco atrasado por mor da reportaxe. Óscar despregou a boia vermella e a subir amodo, con parada de seguridade incluída. Unha vez na superficie Paulino ía recolléndonos na zódiac a medida que iam aparecendo.

Para subir á Zódiac foi outra aventura para contar aparte pero con axuda dunha escada e de Paulino só quedou nunha divertida anécdota. Unha vez a bordo café con leite quentiño con galletiñas e biscoito caseiro que trouxo Óscar. Mentres paliábase a friaxe con estes reconstituíntes, gozando da compañía no medio dunha mar turquesa e do verde da foresta da illa, pensei que a miúdo non somos conscientes de que afortunados somos de ter estes paraísos tan cerca e poder gozalos desta maneira.

A viaxe de volta foi aínda máis rápida ca ida, ou foi o que a min me pareceu. Unha vez que chegamos, xa sabedes: descargar equipos, adozaos, e o mellor de todo que puidemos gozar dunha, ducha quente! nas instalacións de CIESUB, ¡unha gozada!

Só me queda dicir a todos os compañeiros da inmersión que foi un pracer gozar da súa compañía, e sobre todo ao meu compañeiro de mergullo, Óscar, que estivo pendente en todo momento de que non cometera ningún erro.

Saúdos a todos os da sección, ata a próxima.

Celia Martínez

Vindeiras actividades da Sección:

Mergullo en Ribeira (Ría de Arousa); se facemos grupo suficiente será un sábado pola tarde.

Mergullo con tubo-Espéleo (Cantil de Barra-Furna do Lago); Pretende ser unha xornada para quedar a xantar na praia bosque de Melide e incluso facer algún bautismo de Mergullo con Botella.

SENDEIRISMO

Sendeiro de Calcedonia 27 de abril 08

Amenceu con algunha que outra nube indicadora de que non teríamos a calor sufocante do día anterior. Na estrada atopamos tramos de néboa que deixamos atrás a medida que avanzábamos. Ese día, entre os 42 participantes, había moita cara nova, síntoma de que a primavera estimula as ganas de gozar ao aire libre. Moi animados partimos á hora acostuada para facer o sendeiro catalogado de curto percorrido, CALCEDONIA, polo corazón da Serra do Gerés, de aproximadamente uns 10 km..

En dúas horas chegamos a VARZEAS, lugar pertencente á parroquia de COVIDE en Terras de Bouro, onde tomamos café e comezamos o noso sendeiro. Nada máis botar a andar atopámonos cun miliario e un panel que nos indica que estamos no quilómetro XXVI da vía romana Bracara Augusta, vía que está en proceso de clasificación polo goberno portugués para incluíla como Patrimonio Nacional.

O camiño convértese en ascensión, a cada paso a panorámica amplíase e permítenos apreciar a beleza desta serra de vexetación típica de montaña, pequenas ferverzas e grandes masas de pedra que esculpidas polo vento e o xeo estimulan a nosa imaxinación

Fai calor e ás 12 detémonos para tomar un pouco de froita. Seguimos ascendendo por esta paisaxe rochosa que unhas veces nos protexe coa sombra dos seus carballos e outras obríganos a pasar entre dous bloques de pedra. Ao fondo divisamos Portela do Home.



Sendeiro de O Carballiño Leiro 11 de maio 2008

Esta fin de semana o noso club tiña programadas distintas actividades e quizais por iso foi porque anunciaban mal tempo, informáronnos que non había quórum dabondo e que os 12 participantes anotados saímos dende a Avda. de Madrid en coches particulares. A ruta de 18 km. comprendía tramos dos PR-G 76 e 79, que percorren as terras de O Carballiño a Leiro.

Ás 9 da mañá, guiados por Antonio Candelas, desprazámonos cara a O Carballiño, punto de inicio do sendeiro, onde tomamos café e onde algúns aproveitaron para comprar pan fresco e algún que outro pastel. Como a ruta non era circular, tivemos que deixar un coche en Leiro. Sobre as 11 horas comezamos a andar partindo do parque situado á beira do río Arenteiro. A temperatura era estupenda. O ámbito era un frondoso bosque autóctono, con revoltas que invitan a descansar e gozar do río tal como o facía o pescador que no centro do río está atento á súa cana. A zona está ben sinalizada e coidada con pequenas pontes e escalinatas de madeira. Mais pronto remataron as comodidades; seguindo o curso do río atopamos restos de muíños. Continuamos por camiños que bordean terreos onde se cultiva o Ribeiro; alcanzamos Moldes onde unhas veciñas rapaban unha ovella. Como somos curiosas preguntamos que fan coa la e respondéronnos que a tiran; hai anos vendíana para facer colchóns pero hoxe ao ser estes

de resortes ou látex non ten outra opción que tirala; cantas ovellas teñen?, 23. Pena de materia prima! Seguimos por Parandela e subimos ata a aldea de Cimadevila de Cabanelas onde descubrimos pazos e casas brasonadas. Tras unha baixada pronunciada detivémonos no sendeiro sinalizado de Pozo dous Fumes, onde xantamos sobre as 14 horas. Finalmente na vila de Pazos de Arenteiro paramos a tomar café.

En Pazos descubrimos que estamos realizando unha ruta polo románico rural galego e mostra diso é o panel que sinaliza as igrexas do Concello de Boborás: San Pedro de Xurenzás; San Xian de Astureses, San Mamede de Moldes, San Salvador de Pazos así como o encoro de Albarelos.

Como se ve esta zona, ademais dun fermosísimo sendeiro, ofrece unha ruta imprescindible para calquera viaxeiro interesado no noso patrimonio artístico. Seguimos camiño, ascendendo por unha escaleira de pedra entre viñedos e continuando por unha empinada senda en dirección a Lebosende. Facía calor e tomamos a suba con calma. Ao chegar a un cruzamento tiramos cara á esquerda e o camiño, máis chaira, levounos ata a aldea de Viñoá, abandonado hai tempo como o demostra a cantidade de árbores de gran tamaño que crecen no interior das casas.

Axiña chegamos a Leiro onde gozamos dunha cervexa fresca. A media tarde entramos en Vigo.

Grazas Miguel por esta marabillosa ruta. Ata pronto.

Concha

SAÍDA POLA COMARCA DAS OMAÑAS 1-4 de maio de 2008

Hai momentos na vida nos que un sinte que unha parte se estanca. Foi este sentimento o que me levou ás Omañas cos/as Montañeiros Celtas e os/as Trevincos/as a subir máis dous miles en 4 días que en toda a miña vida.

Todo comezou o xoves día 1 de maio, mentres moita xente durmía a resaca da noite anterior, unha choiva esporádica despedía a un grupo de "insensatos" que decidiron trocar as sesións de praia e cañas por malleiras de ata 10 horas de camiñadas polas montañas, coa mochila cargada ao lombo e racionando comida e auga. Semella que hai que estar un pouco tolo para facer este cambio, mais eu prefiro pensar que imos, en parte, guiados polo romanticismo.

De camiño ao noso primeiro destino ollamos, ao lonxe, os montes de León, imponentes e cheos de neve, como un expositor do que nos agarda nas Omañas.

Por fin, e aló polo mediodía, chegamos a Colinas del Campo, o lugar no que imos iniciar a nosa primeira ruta. A xente está impaciente, nótanse as ganas de comezar a bater o zoco. Nen sequera parar a xantar, preparamos apresuradamente as mochilas e saímos cara á montaña, ¡non hai tempo que perder!. O camiño lévanos primeiro por cómodas sendas á beira do río Boeza ata a espectacular chaira da ermida de Santiago. De aquí en diante a ruta comeza a endurecerse e avanzamos por camiños cada vez máis empinados e menos evidentes ata chegar ao cumio de Arcos del Agua, dende onde podemos botar unha fachendosa ollada a toda a comarca. Seguimos cara a Peña Cefera, que merece outra ollada orgullosa. Comezamos o descenso guiados por Jose Antonio, un omañés "autóctono" que nos leva, tras atravesar unha auténtica selva de xestas, ata Fasgar, que moitos recordarán como "a vila que non tiña bares". Unha intensa primeira xornada, adianto do que as Omañas reservaba para nós.

Os nosos ósos atoparon descanso en Riello, nun albergue moi ben apanado, cuxas paredes escoitaron con atención as vivencias deste primeiro día. Tras a cea, cómpre preparar axiña a mochila para a travesía, a miña primeira travesía, o meu primeiro vivaque na montaña. As dúbidas envólvenme, ¿que meto na mochila?, ¿que será imprescindible?. Tito, que me ve algo perdido, aconséllame e consigo alixeirar bastante o peso. E para soñar cos anxos, que mellor que durmirse escoitándoos. As cantareiras do grupo agasaláronos, coas súas cantigas, un doce final para este día!

A tan agardada travesía comeza en Villabandín, dende onde comezamos, como vén sendo habitual, por camiños chairos. Nestes primeiros pasos divisamos, ao fondo do horizonte

que contemplan os nosos ollos, o teito da comarca: o Alto da Cañada, o noso primeiro obxectivo. Tras abandonar a comodidade do camiño, remontamos unha fortísima pendente, que apenas nos deixa folgos para contemplar a paisaxe. Tras unha ruta moito máis longa do que parecía, coroamos a Cañada, ¡e xa van 3 dous miles! Neste punto, o reducido grupo da travesía separámonos dos demais, que xa collen rumbo ao albergue. Aínda nos agardan moitas subidas e baixadas para chegar á "terra prometida" por Tomás: unha chaira rodeada de montañas e adornada por unha lagoa, fogar dunha mancha de ras cantareiras. Hoxe non hai cantigas, pero si uns reconstituídos grols de licor grazas a Garrido e compañía. E por fin o vivaque, só Federico e máis eu decidimos durmir ao ar. Foi esta noite cando me quedou gravado unha das máis fermosas imaxes da miña vida. Cada vez que me espertaba no medio da noite, a apertura dos ollos sorprendíame cun ceo infinito, claro coma un río manso e coroado por mil estrelas, un auténtico océano cheo de luceiros. Ningunha barreira se antepuña entre a miña vista e o firmamento. Foi unha experiencia única!

Pola mañá acabo de convencerme das vantaxes do vivaque. Non sufrín conxelacións nin ataques de monstros, ¡je,je!. Isto ábreme as portas a rutas moito máis longas que as feitas ata o de agora, rutas de varios días sen necesidade de tendas ou refuxios.

Comezamos un prolongado descenso ata reunirmos co resto de montañeiros/as. Tras o enriquecedor intercambio de experiencias, reiniciamos a marcha cara ao Corrales, un pico que coa súa rochosa trepada final e un escarpado descenso por unha angosta canle, se converte no tramo máis emocionante das nosas andainas por estas terras. A volta a Riello faise longa e monótona, as anchas pistas e o asfalto teñen pouco interese para os/as montañeiros/as. A travesía remata "oficialmente" do mesmo xeito que adoitan facelo as xornadas de escalada: cunhas boas cañas coas que rememoramos todo o vivido dende a saída. Novamente, metémonos no mundo de Morfeo ao son das cantareiras.

E chega a última xornada polas montañas omañesas. Hoxe ascenderemos ao Pico Nevadín, outro dous mil, que, facendo honra ao seu nome, conserva aínda nas súas ladeiras unha boa cantidade deste branco elemento. A ascensión é relativamente curta pero intensa. A paisaxe alpina que nos ofrece a presenza da neve crea unha imaxe de alta montaña que non atopamos no resto dos picos ascendidos. O descenso, por unha empinada pa de neve, resulta moi divertido e máis dun case fai o descenso a rolos.

O tramo final foi un auténtico agasallo para os ollos. Un precioso barranco cuberto de árbores, cuxas primeiras follas primaverais estaban comezando a agromar, refrescado pola humidade dun río cheo de muíños, fervenzas, saltos e rápidos, que non pasou desapercibido para Oli, que xa planeaba futuras actividades de barranquismo.

E ata aquí a viaxe. A media tarde emprendemos o regreso cara á cidade. Chegamos coa memoria ategada de bos recordos, canto hai que saímos?, cantas semanas pasaron? O calendario confirma que só pasaran 4 días, mais as experiencias acumuladas fan que parezan moitos máis.

¿Volveremos vernos nas montañas?, por suposto que si.

Xosé A. Portela



Os Arribes Do Douro Saída Conxunta Celtas/Trevinca 28-30 Marzo 2008

Coa ponte da reconquista os días 28, 29 e 30 de marzo fixemos a saída conxunta os dous clubs. Despois de parar na aldea fronteiriza de Miranda do Douro, Portugal. Chegamos a Villarino de los Aires onde estaba o albergue que sería a nosa residencia neses días. Aquí como é provincia de Salamanca dise "LAS ARRIBES", e en Zamora dise "LOS ARRIBES", segundo nos din os lugareños.

A primeira pateada foi ao "pozo dos humos", unha fermosísima fervenza que xunto co Picón de Felipe son os lugares de visita máis interesantes destes Arribes.

Ao día seguinte tocou o Picón de Felipe. Este é un miradoiro sobre o encoro e salto de Aldeadavila, cunhas vistas dun canón e acantilados no Douro que son impresionantes. Conta a lenda que o nome lle foi dado porque un tal Felipe intentouno derrubar para así poder pasar ao outro lado do río, Portugal, onde estaba a súa amada.

Nunha saída tan "turística" aos Arribes non podía faltar a excursión nun cruceiro fluvial pola presa de Aldeadavila. É de xustiza destacar que todos quedamos moi satisfeitos

desta excursión chea de curiosidades interesantes como, por exemplo, mirar un cabreiro do lugar (o último cabreiro) que todos os días pasa coas cabras polos acantilados, por pasos que xa quixeran para si moitos montañeiros, e ás veces cando chove, teñen que rescatar ás cabras e subilas atadas con cordas.

Tamén dende o barco podemos ver a imponente parede de 300 metros de alto e outros 100 baixo a auga, totalmente vertical e lisa mesmo debaixo do mirador Felipe. Disque os últimos en escalala foron unha parella de portugueses e tardaron cinco días.

Atención aos ornitólogos: puidemos observar algúns exemplares de cegoña negra e niños con aguachos, ademais doutras aves como alimoches, aguias reais, boitres leonados...

Xa de volta a casa e aproveitando que a choiva que nos caeu con forza pola mañá empuxándonos a facer o retorno antes da hora prevista amainou, fixemos unha visita á monumental Zamora, á súa muralla, castelo, catedral, etc. e como non, tomar un "piscobolabís". Para rematar subliñar que polo menos algúns "machacas" tamén sabemos gozar deste tipo de saídas ou excursións.

Augusto Vilas

Vindeiras actividades:

Desfiladeiro Do Río Aller Serra Das Fontes De Inverno (asturias)

5-6 xullo 2008

SAÍDA: 4 de xullo ás 23.00 h.

REGRESO: 6 de xullo ás 15.00 h.

O concello de Aller sorprenderavos!

Faremos unha travesía na que chegaremos ata as Fontes de Inverno.

O grupo de sendeiro percorrerá o desfiladeiro do río Aller, facendo noite no albergue municipal

PARQUE NATURAL DE REDES (ASTURIAS)

25-27 xullo 2008

Última saída de montaña antes do campamento de Pirineos e por unha zona de montaña realmente impresionante! Esta pode ser unha boa ocasión para pór a proba as túas forzas e

gozar dunha coas fermosas vistas que nos ofrece o Parque Natural de Redes, que está entre Asturias e León.

Sairemos en autobús o xoves as 23:30 h para dirixirnos ao Porto de Pajares, desde onde partirá a travesía de montaña. O resto continuará ate o albergue "Aula da natureza" en Felechosa.

Dende o albergue, o grupo de sendeiros, fará percorridos polo Parque Natural de Redes.

Plan da travesía

Día 25: Porto de Pajares-Porto de Piedrafita, pasando por Pico de Cellón (2035m), Pico Pisonos: (2050m), Pico del cuadro (2115m) e posibilidade do Pico Aguazones (2101m).

Día 26: Porto de Piedrafita-Porto de Vegarada, pasando pola Pena la laguna (1967m), Pena Collaona (2016m) e coa posibilidade de facer o Pico Huevo (2156m).

Día 27: Porto de Vegarada-Felechosa, coa posibilidade de ascender ao Alto de Nogales (2077m).

OPERACIÓN BENXAMÍN 2008

Se cada actividade do club supón un mérito de organización, pola cantidade de xente que implica cada paso que se quere avanzar, tratar de amañar un mes de



actividades para nenos de entre 8 e 14 anos, paréceme unha heroicidade. Sempre o pensei, agora ademais, seino. Os rapaces de agora teñen con só estirar a man, sen necesidade de ningún esforzo, calquera distracción que poidan desexar, así que tratar de seducilos con alternativas tan distintas non resulta nada doado. Con estas premisas, puxémonos mans á obra.

O primeiro contacto coa natureza, un clásico: O ALOIA. Con visita á aula da natureza incluída, e ao día seguinte un percorrido en bicicleta. Aínda que non sei moito de nenos, creo que empezo a poder catalogar o grao de goce pola cara de esgotamento..., gustárame pensar que chegados ao momento "batalla de esteiras", algún xa estaba exhausto. Aínda así, non houbo rendicións! Houbo moitos que compartiron bici, mazaduras e algún que repetiu a ruta.

Para a segunda fin de semana preparámoslles unha xornada "alpina", por unha das nosas zonas preferidas: A SEARA,